

ACTA DA XUNTANZA DA ASESORÍA XURÍDICA CELEBRADA O 13-04-2007

Coa seguinte proposta de orde do día.

0. Orde do día
1. Aprobación acta anterior
2. Cumprimento horarios de revisión de exames
3. Campaña de sinaturas melloras na docencia/académicas
4. Desenvolvemento de “Propostas da Asemblea de Estudantes de Ciencias Políticas para o curso 2006/2007”
5. Varios
0. Orde do día:

Apróbase sen modificacións.

1. Aprobación acta anterior:

Anúlase o punto 4 da anterior acta, xa que a comisión trabucouse na lectura da normativa xa que o esixido son dous días e non tres para a revisión de exames, quedando por tanto invalidado o que se recolle no anterior acta.

2. Cumprimento horarios de revisión de exames:

Os que incumpren a normativa son:

Lois, Artaza, Sangiao, Valdés, Carro, Cabrera, Diz, Moldes.

Proponse o envío da seguinte carta a estes:

Estimado Profesor/a:

Dende a Asemblea de Estudantes de Ciencias Políticas, remitímoslle esta carta, con ánimo de informarlle de que nos exames de Febreiro, vostede incumpriu o artigo 17 da **NORMATIVA BÁSICA PARA A ORDENACIÓN DO PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE E DA AVALIACIÓN DO RENDEMENTO ACADÉMICO DOS ESTUDIANTES**, no correspondente ao periodo de revisión, xa que

deberían ser dous días lectivos nos que se realizase esta, e vostede só ofreceu unha data.

Rogámoslle que para vindeiras convocatorias aplique esta norma.

Sen outro particular, un saúdo.

ASEMBLEA DE ESTUDANTES DE CIENCIAS POLÍTICAS

“Artigo 17.- O alumno ten dereito á revisión dos exames **tanto parciais como finais** na súa presenza nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisionais. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e tal prazo non deberá ser inferior a tres días hábiles e garantirá que todos os alumnos que o desexen podan revisar o exame. Procurarase que, para cada estudante, estas revisións se poidan **levar a cabo en dúas datas opcionais** e que sexan un instrumento útil para que o alumno poida percibir o seu nivel de coñecementos e carencias, tanto se resulta aprobado como suspenso. Deberá quedar constancia desta revisión (mediante sinatura no exame revisado, listaxe, etc.).”

3. Campaña de sinaturas melloras na docencia/académicas:

- ✓ Acadáronse 130 sinaturas, fronte as 176 acadadas na anterior campaña, estimase oportuno que se reflexione ao respecto de se se trata simplemente dunha caída da asistencia ás aulas ou transmite unha caída do apoio á Asemblea.

- ✓ Creese necesario incluír na entrega das sinaturas un escrito no que se solicite unha resposta ao correo da Asemblea. Da entrega e do escrito encargárase Dani Baz.

4. Desenvolvemento de “Propostas da Asemblea de Estudantes de Ciencias Políticas para o curso 2006/2007”

- ✓ Na Xunta de Facultade:
 - Pto. 8: retirada quenda de tarde: Falar hoxe en Asemblea
 - Pto. 14: actualización do web: Artigo no “Asemblea”
 - Pto. 18: Horarios elaborados: Preguntar a Raquel
- ✓ No Claustro:
 - Pto. 2: Falar en Asemblea
 - Pto. 3: Instancia ante o Vicerreitorado de Infraestructuras
- ✓ Outros ámbitos:
 - Pto. 1: Tarxeta de estacionamento: encárgase Ricardo de preguntar no Concello.
 - Pto. 2: Redución cotas do S.U.R.: Comentar na Asemblea que non sabemos que facer

5. Varios:

Non se presenta ningún vario.